

“Palabras que moven o mundo”: o ensino da literatura máis aló das aulas universitarias

Muriano Rodríguez, María Montserrat; Mosquera Castro, Estefanía

Facultade de Ciencias da Educación, Universidade da Coruña.

RESUMO

“Palabras que moven o mundo” é un proxecto interdisciplinar levado a cabo no curso 2017/2018 no marco de tres materias do Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas en que participou o alumnado do módulo específico de Linguas e Literaturas galega e castelá. Asenta na vindicación do hábitat e gravita arredor de tres elementos sobre os que queremos reformular a práctica docente: o espazo público, o uso da palabra escrita por parte de quen transita por este e a poesía, desde a convicción de que existe unha retroalimentación positiva entre todos eles. Así, a súa implementación contribuíu a facer máis habitábeis os espazos intervidos e estes actuaron, asemade, como resortes de visibilidade para o xénero poético e fomentaron a lectura fóra dos espazos en que esta constitúe unha práctica excesivamente ritualizada, promovendo a formación do alumnado en metodoloxías activas e ampliando a súa concepción de literatura e dos espazos en que debe proxectarse. Outrosí, a potencialidade transformadora do proxecto favoreceu tamén que o alumnado se decatase da importancia do espazo público como ámbito de diálogo e reflexión social e da dimensión das artes como xeradoras de pensamento crítico.

PALABRAS CLAVE: Dereito ao hábitat, ensino-aprendizaxe da literatura, formación do profesorado, aprendizaxe cooperativa

CITA RECOMENDADA:

Muriano Rodríguez, M. M.; Mosquera Castro, E. (2019): “Palabras que moven o mundo”: o ensino da literatura máis aló das aulas universitarias. En De la Torre Fernández, E. (ed.) (2019). *Contextos universitarios transformadores: construíndo espazos de aprendizaxe. III Xornadas de Innovación Docente*. Cufie. Universidade da Coruña. A Coruña (pág. 269-290).

DOI capítulo: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497121.269>

DOI libro: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497121>

ABSTRACT

Abstract: “Words to Rock the World” is an interdisciplinary project carried out during the 2017/2018 academic year in the context of three subjects belonging to the Master’s Degree in Teacher Training (University of A Coruña) and involving students from the module on Language and Literature in Galician and Spanish. Grounded on a particular interest in space, the project is organized around three elements and their potential intersections: public spaces, the use of the written word by those who inhabit such spaces, and (the vindication of) poetry. Its implementation has contributed to making the featured spaces more habitable, while adding visibility to the poetic genre and promoting the act of reading poetry in broader – and less ritualised – contexts and spaces. This, in turn, has served to train students in various methodologies of active learning as well as to widen their approach to literature, both in itself and in relation to the spaces in which it is usually consumed. In addition, the transforming potential of this project has also helped students to apprehend the importance of public spaces as sites of dialogue and social reflection, while reinforcing the potential of various artistic manifestations to engender critical thinking.

KEYWORDS: right to public spaces, the teaching and learning of literature, teacher training programme, cooperative learning.

1. INTRODUCCIÓN

Se consideramos a literatura como un acto comunicativo, cómpre pensarmos tamén na formación literaria e no ensino da poesía desde a reflexión sobre os elementos principais deste tipo de actos, isto é, a persoa que emite (autora), a mensaxe (o texto) e quen recibe (o público lector). A evolución histórica do ensino-aprendizaxe da literatura evidencia o predominio de enfoques centrados nos dous primeiros compoñentes, se ben os modelos máis recentes en que se enmarca a educación literaria vertébranse en torno á construción do lector literario. Para Margallo González (2012), o cambio de orientación radica en substituír a aspiración de formar lectores especialistas, coñecedores da historia da literatura e capaces de aplicar técnicas de comentario sofisticadas, pola de lectores con hábitos de lectura consolidados. Esta concepción inaugura un novo enfoque para o ensino da literatura nas aulas en tanto que esta pasa a considerarse como un tipo específico de discurso, isto é, unha forma de texto que contribúe para darlle sentido á nosa experiencia, para indagar sobre a nosa identidade individual e colectiva e para utilizar a linguaxe dunha maneira creativa (Lomas, 1999).

Este novo modelo obriga a reformular a concepción reducionista e sesgada que se ten da literatura e, mais en particular, do xénero poético. Asumimos neste punto os interrogantes que formulan Lomas e Bombini (2016, p. 5) para tratar de lles dar resposta: é o goce da poesía algo persoal e intransferíbel? É un uso comunicativo ao alcance tan só duns poucos privilexiados? Ou polo contrario, é ou debe ser a poesía algo asumíbel e ao alcance da inmensa maioría? Trátase en todos os casos de reflexións en torno á función social da literatura e ao papel que desempeña a experiencia literaria na construción da identidade persoal e sociocultural das persoas. Neste sentido, o papel da literatura e da poesía na formación do alumnado non se reduciría unicamente a provocar emocións, espertar a experimentación lúdica coa linguaxe, desenvolver habilidades lectoras ou incitar á creación; recoñecer as posibilidades de socialización e de lectura compartida incidiría tamén na transformación da sociedade en tanto que potencia a reflexión crítica e a rebeldía (Ballester-Roca e Ibarra-Rius, 2016).

Desde esta óptica, facemos nosa a tese proposta por Lomas e Bombini (2016) de que a poesía é tamén espazo e territorio e, ao outorgarlle a esta un sentido social, a poesía deixa de entenderse só como unha experiencia que se reduce ao universo do privado para se proxectar tamén no dominio público. Por tanto, e baseándonos na interpretación máis literal do concepto metodolóxico proposto por Fernández Rial (2016), concibimos a educación literaria como unha “aula sen paredes” que transcende o espazo físico e privado para se proxectar tanto desde unha perspectiva espacial -o papel, a aula en que se imparte docencia- como simbólica -que permita remover consciencias e superar a concepción reduccionista que se ten dela. Así, a nosa proposta gravita arredor de tres elementos sobre os que queremos reformular a práctica docente: o espazo público, o uso da palabra escrita por parte de quen transita por este e a poesía.

Mais esta evolución epistemolóxica esixe unha renovación metodolóxica que fuxa de modelos enciclopedistas centrados na reprodución memorística e na aplicación de complexas técnicas de comentario de textos, e que se torne plural para facilitar a aprendizaxe a través de estratexias diferenciadas que fagan posíbel o encontro co texto literario dun modo máis efectivo (Abril Villalba, 2004); nesta liña, os proxectos, tal e como os define Camps (1994), constitúen, ao noso ver, a opción que mellor se adapta a tales propósitos, na medida en que promove unha aprendizaxe activa e participativa, que ten en consideración os intereses, as necesidades e sobre todo as experiencias do alumnado e que, ao tempo, permite superar (e actualizar) os estritos currículos académicos. No marco do enfoque *Aprender facendo* proposto por Dewey (2004), este recurso metodolóxico imprime funcionalidade á aprendizaxe, que vira máis eficaz e que é capaz de xerar cambios substanciais tanto nas persoas como no seu contorno. Así, a nosa proposta pretende maridar os saberes literarios coas actividades cívicas, na medida en que entendemos que os coñecementos deben estar explicitamente conectados á experiencia vital e das aulas, sen que poidan nin deban darse de forma separada (Riádigos Mosquera, 2015).

2. DESCRICIÓN DA EXPERIENCIA

“Palabras que moven o mundo” é unha actividade interdisciplinaria levada a cabo no curso 2017/2018 no marco de tres materias integradas no módulo específico de Castelán e Galego do Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas: *Bases epistemolóxicas para o ensino das linguas e literaturas galega e castelá; Metodoloxía do ensino das linguas e literaturas galega e castelá en educación secundaria e Fundamentos metodolóxicos e profesionais do ensino das linguas e literaturas galega e castelá en educación secundaria*. Todas elas perseguen ofrecer aos futuros docentes procedementos metodolóxicos, recursos e actividades para ensinar lingua e literatura desde o coñecemento da propia materia e desde unha perspectiva integrada que supón a un tempo estudar a literatura como un tipo de comunicación esencialmente verbal para cuxo coñecemento e goce é preciso dominar a lingua que lle dá forma e contido e estudar a lingua tamén a través de mensaxes literarias (Martín Vegas, 2009).

Trátase dunha proposta de natureza eminentemente literaria e artística que ademais asenta na vindicación do hábitat dende o enfoque de dereitos e desde a convicción de que se trata de ámbitos cuxa maridaxe é especialmente produtiva e necesaria. Así, xulgamos que o ensino-aprendizaxe da literatura e, en especial, da poesía non pode ficar unicamente reducido aos soportes convencionalmente literarios, caso do papel, mais ao contrario debe diversificarse e proxectarse tamén sobre os novos espazos en que esta se produce ou ten lugar, espazos públicos que contribúen asemade para dotala de maior visibilidade e animar á súa lectura. Concordamos con Lourido (2014) en que grazas a esta apertura “a poesía constitui hoje em dia, deste modo, um espaço de fronteiras laxas, que carece de padrons rígidos que regulem as formas de criar / producir, de ler/receber, de participar e de analizar” (p. 16). Por tanto, consideramos igualmente que estas prácticas literarias no espazo público exercen, ao tempo, como axentes activos que contribúen para humanizar os lugares por que se transita e que convidan ao goce, á reflexión e á participación social. Trátase de rupturas cunha

discursividade e cunha *performatividade* inscritas no privado e exploradoras en cambio do público, dos conflitos, do diálogo e da interacción directa (Casas, 2015, p. 97).

O proxecto foi realizado en colaboración coa Organización non Governamental para o Desenvolvemento (ONGD) Arquitecturas sen Fronteiras (ASF) no marco dun proxecto de difusión do dereito ao hábitat que pretende incidir en modelos de gobernanza participativos a través da sensibilización e da educación non formal de axentes multiplicadores clave e alumnado de secundaria da cidade da Coruña. Desde a nosa perspectiva a educación formal debe desempeñar un papel transcendental neste proceso, e para iso concordamos con Martínez Rodríguez (2013), en que vira preciso unha pedagogía entendida como “práctica da liberdade” para a “concientización” e a “liberalización” dos oprimidos, como xa ten sinalado Paulo Freire (2009). Neste sentido, a formación e a concienciación dos docentes en activo e dos futuros docentes -como é o caso do noso alumnado- sobre estes aspectos é fundamental na medida en que actuarán como referentes durante todo o seu exercicio profesional. Así mesmo, o perfil filolóxico do alumnado que participa é tamén o idóneo, pois o enfoque dado ao proxecto posibilita novamente a retroalimentación, xa que permite abordar os contidos propios das materias implicadas desde a Ecolingüística (Moure, 2011) e a Ecoliteratura (Campos-F.- Figares e García-Rivera, 2017), perspectivas non sempre exploradas con anterioridade en que converxen lingua, literatura e dereito ao hábitat.

Neste sentido, os obxectivos didácticos que persegue o noso proxecto son varios. Primeiramente, a formación en metodoloxías activas dos futuros docentes do ensino secundario e a posta en marcha destas en contextos educativos reais. En concreto, o noso proxecto asume os postulados propostos por Caro (2014), en que a educación literaria se concibe como unha ciencia social humanista que favorece a aprendizaxe cooperativa e creativa e se propón un modelo didáctico orientado á adquisición de competencias, en que se combina a aprendizaxe baseada en proxectos de innovación con tarefas de lectura significativa. En segundo lugar, a colaboración co alumnado e o profesorado de educación secundaria coa fin de traballar de xeito participativo e vivencial aspectos relacionados co

dereito ao hábitat facendo do seu contorno inmediato –o centro educativo- un laboratorio de aprendizaxe teórico e práctico sobre o papel da cidadanía na transformación do noso contorno. A consecución dos anteditos obxectivos contribuirá a afianzar a conexión entre a formación universitaria e a realidade profesional do alumnado. E, en terceiro lugar, o noso proxecto busca converter a todos eles en axentes protagonistas de intervencións poéticas, ampliando, de xeito transversal, a concepción que tiñan da literatura e dos espazos en que esta debe ser proxectada (Cabanilles, 2015).

Trátase, en definitiva, dunha proposta que parte da educación formal para se aproximar a conceptos máis habituais da educación non formal en que o alumnado participará non só como destinatario, mais tamén como axente activo de intervencións no espazo público que fomenten a través da literatura a conciencia e a participación social. A idea é cuestionarnos o comportamento ensimesmado das persoas que transitan a diario polos mesmos lugares e desafialas a se deteren e reaccionaren, nunha aposta pola poesía como “acción simultánea de relación universal” e desde o convencemento de que, como sinala Antón Lopo en *Dentro*, “a poesía non podía ser só literatura”. De feito, “Palabras que moven o mundo” é a materialización dun proxecto galardoadado no ano 2016 co XIII Premio Luísa Villalta a iniciativas normalizadoras da lingua galega que conceden as tres universidades galegas. E, dada a súa dimensión educativa e transformadora, decidimos executalo no marco das anteditas materias e, en consecuencia, ampliar tamén o abano de linguas e literaturas escollidas polas persoas participantes. Unha implementación expandida desta forma transversal de entender o poético que ofrece oportunidades para a construción de procesos de democracia cultural (Lourido, 2014).

No curso 2017/2018, participaron no proxecto un total de 42 persoas: 21 alumnos/as do mestrado e 18 de 3º da ESO do IES Monelos, para alén do seu titor, David Díaz Díaz - exalumno do mestrado- e das docentes que asinan esta comunicación. O alumnado e o profesorado universitario experimentaron todas as fases de que consta, isto é, formación,

preparación, implementación e avaliación, mentres que o resto das persoas participantes tan só foron axentes activos nas dúas últimas.



Imaxe 1. Sesión formativa: dereito ao hábitat. Fonte: elaboración propia.

Na fase de formación, o noso alumnado recibiu formación sobre dereito ao hábitat e sobre propostas metodolóxicas creativas para o ensino-aprendizaxe da literatura. A sesión de formación e sensibilización sobre “Dereito ao hábitat” foi impartida pola técnica da ASF Marta Casal Cacharrón (véx. Imaxe 1), mentres que os coñecementos metodolóxicos correron a cargo das docentes da materia, que formamos tamén ao noso alumnado en aspectos relacionados coa innovación educativa e as metodoloxías activas; o obxectivo é ofrecerlle novos contextos en que traballar coa literatura e sacala daqueles en que se atopa excesivamente ritualizada, como é o caso das aulas de lingua e literatura en Secundaria e Bacharelato, nas que se evidencian metodoloxías baseadas nun modelo historicista e textual

que en nada favorece o gusto pola lectura, e máis particularmente, pola poesía. A respecto da marxinalización do xénero poético no ensino-aprendizaxe da literatura, tamén se posiciona Abril Villalba (2004), que sinala carencias formativas e que alude á necesidade de contar con docentes que dispoñan das calidades de *afecto*, *humanidade*, *civismo* e *coñecementos*, pois son imprescindíbeis para abordar o ensino da poesía con garantías. Neste sentido, pareceunos especialmente necesario complementar a formación didáctica do noso alumnado no tocante a este xénero literario, de modo que foi organizado un obradoiro de poesía creativa, impartido pola poeta Yolanda Castaño (Imaxe 2), para os dotar de estratexias e recursos para levar a poesía ás aulas e fóra delas dunha forma natural, mais ao tempo motivadora, divertida, subversiva e crítica. A poeta reivindicou na súa lección maxistral a poesía como experiencia e tamén as súas posibilidades de socialización e de lectura compartida, superando calquera forma de redución da súa lectura á lectura silenciosa e intransferíbel, aínda que esta tamén sexa posíbel e desexábel; demostrou, noutras palabras, que “la lectura de la poesía es *performance*, actuación, como, en definitiva, también lo es una clase en el aula” (Bombini e Lomas, 2016, p. 6).



Imaxe 2. Obradoiro impartido por Yolanda Castaño. Fonte: elaboración propia.



Imaxe 3. Laboratorio creativo. Fonte: elaboración propia.

A fase de preparación comezou xusto a seguir do obradoiro e consta tamén de dúas actividades principais: a primeira, un laboratorio creativo en que, aplicando o aprendido, se esbozaron diversas ideas para realizar unha intervención poética nos espazos comúns da facultade de Ciencias da Educación; e, a segunda, a propia intervención (Imaxe 3). O alumnado acordou deseñar un conxunto de artefactos que, colocados en diferentes lugares de traballo e de paso, convidasen ao goce, á reflexión e mesmo á participación. Así, para as persoas que transiten por eses espazos as diferentes intervencións exercerán simultaneamente un desafío e un convite: “un desafío porque cuestionan os seus comportamentos ensimesmados e rutineiros. Un convite porque posibilitan a participación da cidadanía en actos

de lectura e escritura cunha potencialidade crítica, lúdica e transformadora” (Mosquera Castro, Muriano Rodríguez, Sobrino-Freire, Suárez Brandariz e Carballal Miñán, 2017, p. 125). Outrosí, esta intervención foi tamén pensada como unha experiencia piloto para que o noso alumnado experimentase como protagonista os posibles obstáculos temporais, materiais e creativos que se poden encontrar ao realizaren, xa como docentes e, por tanto guías do proceso, unha proposta similar.

A fase de implementación consistiu nunha única actividade, isto é, a intervención ou o asalto poético do IES Monelos, realizada en colaboración co alumnado de 3º da ESO. Tanto o titor deste grupo, docente de Lingua e Literatura Galega, como nós fixemos unicamente labor de guía, sendo en todo momento o alumnado do mestrado o encargado de dirixir a actividade e coordinar os distintos grupos de traballo. Para Martín Vegas (2009), “la comunicación e interacción con los alumnos es fundamental para favorecer el proceso de aprendizaje” (p. 46) e, neste sentido, a finalidade da actividade é que adquiran as competencias metodolóxicas e epistemolóxicas que esixe o seu exercicio profesional a través de experiencias prácticas que os aproximan a esta realidade, e que ao tempo contribúen para paliar o reducido período de prácticas, que adoita “situarse al final del programa de formación inicial, y normalmente era la primera y única vez que el futuro profesor tenía oportunidad de poner en práctica con alumnos sus destrezas de profesor” (Zeichner, 2010, p. 83).

Finalmente, a fase de avaliación contou con varias dinámicas: por unha banda, realizouse no final da intervención unha valoración conxunta en forma de asemblea sobre o grao de satisfacción coa actividade en si propia, tanto por parte do alumnado -universitario e non universitario- como por parte do profesorado implicado. E, por outra banda, realizáronse avaliacións individuais para comprobar o grao de adquisición das aprendizaxes que se lle presupuña a cada grupo de alumnos e alumnas. Así, no caso do universitario valoráronse en maior medida aspectos de natureza metodolóxica no tocante á figura do docente e ao ensino-aprendizaxe da literatura, tanto a través dunha diana de avaliación como dunha enquisa facilitada pola ASF. Para o alumnado de secundaria a discusión estaba máis orientada cara á

recepción e proxección da literatura e máis en concreto da poesía e foi realizada polo titor do centro a través dunha redacción escrita.


Por súa vez, a ASF tamén realizou o seguimento do proxecto a través dunha consultora externa que entrevistou tanto a algúns membros do alumnado como do profesorado implicado. En todos os casos, estamos perante avaliacións eminentemente cualitativas, pois a súa finalidade é sobre todo valorar capacidades con respecto aos obxectivos e non condutas ou rendementos (López Valero, 1998).

3. RESULTADOS

A execución do proxecto foi en termos globais moi satisfactoria. Así, desde unha perspectiva didáctica, permitiu cumprir cos obxectivos formulados no inicio desde as distintas materias implicadas. Outrosí, o enfoque de dereitos contribuíu para que a potencialidade desta experiencia fose maior da esperada e favorecese a adquisición de contidos e saberes transversais en moitos casos ausentes -e non por non pertinentes- na formación específica dos docentes, sexa cal for a súa especialidade, como a educación en medio ambiente, xénero, multiculturalidade, dereitos humanos ou xestión social, entre outras.

En relación coa fase de formación, os resultados fixéronse patentes xa desde o inicio tanto desde o punto de vista reflexivo e de maduración do alumnado como desde unha óptica máis tanxíbel. Así, a sesión sobre Dereito ao Hábitat en que se visionou o documental *Derecho a un techito* sensibilizou ao alumnado non só sobre esta concepción máis limitada do hábitat como o teito baixo o que protexerse (Giraldo, Bateman e García, 2009), mais tamén sobre as súas posibilidades como un referente simbólico da xustiza social. Neste sentido, concienciados de que a educación debe favorecer a inclusión social como un dereito básico das persoas e centrarse no desenvolvemento de suxeitos reflexivos, tolerantes, solidarios, participativos, dinámicos e sensíbeis polo respecto e coidado de toda forma de vida (Martínez Rodríguez, 2013), o alumnado tomou varias determinacións. Por unha banda, decidiu que se utilizaría unicamente material de refugallo (cartóns, envases, tapóns) para que as intervencións fosen

acorde co respecto ao medio ambiente. Tamén se acordou aproveitar a proxección pública do proxecto para visibilizar e sensibilizar sobre situacións de desigualdade e inxustiza entre a cidadanía. As intervencións poéticas servirían, neste sentido, para facilitar a súa comprensión e contextualización e terían como obxectivo prioritario fomentar a súa identificación e a empatía das persoas transeúntes a respecto destas cuestións (Imaxe 4); isto, á súa vez, evidencia a importancia do espazo público como lugar de diálogo e reflexión social e da dimensión das artes como xeradoras de pensamento crítico (Mosquera Castro *et al.*, 2017, p. 128).



*Imaxe 4. Igualdade de xénero, poema de Carlos Negro no espello do ascensor.
Fonte: elaboración propia.*

Tamén foi especialmente proveitoso o obradoiro de poesía creativa, tanto pola implicación do alumnado como pola boa disposición da nosa convidada. Consciente de que unha compoñente esencial da educación poética e literaria radica no contacto directo cos textos e, sobre todo, na creación dun vínculo afectivo coas obras, na súa apropiación e no goce (Ballester-Roca e Ibarra-Rius, 2016), a poeta non só lle ofreceu ao alumnado múltiples


estratexias para traballar o xénero poético dentro e fóra das aulas, mais tamén nos involucrou no propio proceso creativo e, entre todos, fomos quen de crear un poema colaborativo denominado “A noite é...” (Imaxe 5).



Imaxe 5. Arte efémera e poesía. Fonte: elaboración propia.

o tragaluz dos sentimentos
o teu ollar escuro
o doce dos teus beizos
unha sombra voraz
unha selva de animais salvaxes
unha pantasma que xeme
a pupila dun elefante
o descanso da vida
o silencio tras unha canción
a fragilidade dos fortes
o cadaleito do teu amor

No tocante á fase de preparación, cómpre sinalarmos que o proceso creativo, ao se realizar xusto a seguir do obradoiro impartido por Yolanda Castaño foi realmente produtivo -mesmo en exceso- de modo que xurdiron múltiples ideas para realizar as intervencións que logo tiveron que ser (re)negociadas entre o grupo (Imaxe 6). Nun diálogo democrático en que todos tivemos un papel protagonista acordáronse as distintas medidas de intervención que se levarían a cabo. En todas as escollidas había unha intención de ampliar a noción de poesía, razón por que se privilexiaron as prácticas non-líricas ou postlíricas (Casas, 2012) o que tamén favoreceu unha maior apertura en termos temáticos e formais facendo da intervención unha práctica interartística.



Imaxe 6. Fase de preparación. Fonte: elaboración propia.

No asalto poético á facultade realizáronse intervencións en distintos espazos públicos como a Biblioteca, a Cafetería, as escaleiras e mesmo os aseos do centro (Imaxe 7), desde a concepción da poesía como un fenómeno aberto a prácticas máis do que literarias que superan a dependencia das tradicións, dos soportes convencionalmente literarios e dos espazos en que ten lugar (Lourido, 2014).

A selección de textos fíxose tamén de xeito democrático e as paredes (e tamén os libros da nosa biblioteca) enchéronse de versos de Carlos Negro, Gustavo Adolfo Bécquer, Pilar Pallarés ou Federico García Lorca e tamén de letras de Ismael Serrano e de Jorge Drexler, entre outros. Asumindo que, como sinalan Ballester-Roca e Ibarra-Rius (2016), unha parte importante do noso consumo musical e cultural ten unha base poética esencial, o alumnado aproveitou a dimensión socializadora da poesía para vincular as persoas que se encontrasen cos seus artefactos -fundamentalmente alumnado- co colectivo sociocultural de que forman parte a través de discursos poéticos e líricos próximos e comprometidos, mais tamén coa memoria colectiva a través de textos e autores máis clásicos e de temáticas universais.

Foron especialmente produtivos os textos sobre o amor e o desamor, na medida en que o noso alumnado era consciente de que estes temas entran tamén no que os adolescentes -seguintes protagonistas da intervención poética- viven con especial intensidade nesta época das súas vidas. Así pois, o noso alumnado, futuros docentes que traballarán con adolescentes, tomou conciencia da importancia de achegar ás aulas os intereses do estudantado facendo da aprendizaxe nas materias de Lingua e Literatura tamén unha labor de concienciación e de escoita; trátase dun elemento fundamental desde o punto de vista dunha educación -literaria neste caso- enfocada cara á xustiza social, que debe comprometerse con ir máis alá do que se espera dela -o currículo- para alcanzar o social, o mundo que a rodea (Riádigos Mosquera, 2015).



Imaxe 7. Intervención na Fac. de CC. da Educación. Fonte: elaboración propia.

Desde a perspectiva de formación docente, a intervención fixo tamén que o alumnado do mestrado experimentase como destinatario a complexidade da programación e da execución dunha actividade destas características, para poder planificar con acerto e anticiparse aos posibles obstáculos, xa como docentes e guías, na intervención poética no IES Monelos co alumnado de 3º da ESO e na súa posterior actividade profesional. As restricións de tempo e as dificultades creativas foron as limitacións para as que o noso alumnado artellou diversas

estratexias. Neste punto, é preciso indicar que, tratándose de alumnado adolescente e tendo en conta que a actividade proposta se escapaba do que se considera “tradicional”, a actividade foi coordinada polo noso alumnado de xeito exemplar e a participación do alumnado de secundaria foi activa e creativa ao 100% sen que se producise ningún momento de “descontrol” ou “apatía” por parte do alumnado de secundaria (Imaxe 8).



Imaxe 8. Alumnado do mestrado e de secundaria preparando as intervencións.
Fonte: elaboración propia.

Polo que respecta ás accións implementadas, aínda que o alumnado do mestrado chegou a cada grupo cunha selección previa de textos e posíbeis artefactos cos que realizar a intervención, o alumnado de secundaria demostrou absoluta autonomía e achegou tamén outras posíbeis opcións que fixeron da actividade un constante ir e vir de ideas. O diálogo e a aplicación *sui generis* da metodoloxía cooperativa “titoría entre iguais” (Durán e Vidal, 2004) foi a clave de dita intervención, de forma que mesmo lugares supostamente “prohibidos” para o alumnado foron “asaltados poeticamente” e foron froito de reivindicacións, reivindicacións que non se limitaron ao centro educativo en que foron realizadas (nos corredores, nos aseos, nas portas das aulas, na sala de profesores, na biblioteca ou no hall da entrada, entre os principais), mais que se difundiron tamén nas redes sociais a través do hashtag *#profesubversivxs* (Imaxe 9).



Imaxe 9. Intervención no IES Monelos. Fonte: elaboración propia.

A avaliación do proxecto foi moi satisfactoria por parte de todas as persoas implicadas. Por un lado, a da ASF que grazas ao proxecto encontrou na literatura máis un “espazo” para fomentar a vindicación do dereito ao hábitat no ámbito educativo. Por outro lado, a do alumnado de secundaria na medida en que a intervención poética fixo que -parafraseando algunhas das súas opinións- cando menos por unha tarde, este se sentise dono do seu propio espazo, un espazo educativo do que deberían sentirse parte a diario, non só pola cantidade de horas que pasan nel, senón porque del é de onde saíran eses adultos do futuro, uns adultos que queremos donos dos seus propios actos, reflexivos e críticos ante a sociedade.

A recepción e a valoración final da actividade por parte do titor do centro foi tamén óptima, e inclusive o resto do profesorado do instituto que nos viu realizar as distintas accións verbalizou tamén o seu agrado pola iniciativa. No que atinxe ao alumnado universitario, tanto na asemblea final como na diana de avaliación este mostrou a súa satisfacción co proxecto especialmente no relativo a dous aspectos. En primeiro lugar, pola novidade metodolóxica que implica desde o punto de vista da recepción, pois ao fin e ao cabo eles foron e exerceron como alumnos durante grande parte do proceso e puideron experimentar como tal que a poesía, ben traballada, potencia a imaxinación, incita á creación e, sobre todo, á reflexión (Ballester-Roca e Ibarra Rius, 2016). E, en segundo lugar, porque -nas súas palabras- favoreceu a adquisición das competencias metodolóxicas necesarias para desenvolver o seu labor docente e para o facer consciente do que implica, na práctica, empregar metodoloxías activas no ensino da Lingua e da Literatura en secundaria; do que implica, en definitiva, ser

máis críticos coa propia práctica docente e avaliar non só o resultado final, mais tamén o proceso e o desenvolvemento integral do alumnado (Abellán Toledo e Herrada Valverde, 2016), vinculando a materia aos seus intereses e ás súas necesidades, mesmo tamén das que non son aínda conscientes. Así pois, como artífices da proposta e como docentes que foxen das prácticas ritualizadas, reduccionistas e teoricocentristas xulgamos que esta experiencia cumpriu, e mesmo excedeu, as expectativas que depositamos nela inicialmente.

3. CONCLUSIÓNS

A preeminencia dos modelos historicistas e enciclopedistas no ensino-aprendizaxe da literatura en Educación Secundaria e o ínfimo protagonismo dos textos poéticos nas lecturas prescritivas foron os principais motivos que deron orixe a esta proposta. Desde a nosa perspectiva, a lectura e mesmo a produción de textos poéticos debe transcender as fronteiras físicas das aulas e enmarcarse no contexto máis amplo e complexo da educación integral do alumnado, pois consideramos que é a base para formar lectores críticos e autónomos e, en consecuencia, cidadáns reflexivos. Entre os argumentos máis reiterados para xustificar a súa exclusión das aulas encóntranse algúns certamente capciosos que aluden á complexidade da linguaxe poética que torna case elitista o achegamento do alumnado á poesía; con estas premisas, vira complexo, por tanto, a posibilidade de gozarmos con ela e, en calquera caso, esta concepción reduccionista da poesía limita tamén o modo e a natureza da recepción: en formato impreso e individual e introspectiva.

Ao contrario, o proxecto “Palabras que moven o mundo” contribuíu para proxectar a concepción da poesía fóra mesmo do campo literario, na medida en que favoreceu non só a atracción das persoas cara a este xénero literario, mais porque evidenciou que a poesía potencia o sentimento de pertenza a un colectivo e favorece a participación na sociedade a través de prácticas interartísticas. A maridaxe entre diferentes linguaxes e a diversidade tipolóxica de textos constitúe, ademais, unha excelente canle de motivación e

interdisciplinariedade que contribúe para xerar sinerxias cos intereses do alumnado e para a formación dun perfil de lector crítico. Neste sentido, a selección plural de textos poéticos contribuíu para percorrer dun modo transversal reivindicacións lingüísticas, culturais e, sobre todo, sociais. Desde esta óptica de diversidade cultural e de dereito ao hábitat, na nosa opinión, debe ser entendida a educación literaria do século XXI.

4. REFERENCIAS

Abellán Toledo, Y. e Herrada Valverde, R.I. (2016). Innovación educativa y metodologías activas en educación secundaria: la perspectiva de los docentes de lenguas castellana y literatura. *Revista Fuentes*, 18 (1), pp. 65-76.

Abril Villalba, M. (2004). *Enseñar lengua y literatura: comprensión y producción de textos*. Malaga: Ediciones Aljibe.

Ballester-Roca, J. e Ibarra-Rius, N. (2016). La poesía en la educación lectora y literaria. *Textos. Didáctica de la Lengua y de la Literatura*, 72, pp.8-15.

Bombini, G. e Lomas, C. (2016). La educación poética. *Textos. Didáctica de la Lengua y de la Literatura*, 72, pp. 4-7.

Cabanilles, A. (2015). L'espai del poema. En A. Cid e I. Lourido (eds.). *La poesía actual en el espacio público* (pp.59-82). Bruxelas: Éditions Orbis Tertius.

Campos-F-Figares, M. e García-Rivera, G. (2017). Aproximación a la ecocrítica y la ecoliteratura: literatura juvenil clásica e imaginarios del agua. *Ocnos. Revista de Estudios sobre lectura*, 16(2), pp. 95-106. DOI: http://dx.doi.org/10.18239/ocnos_2017.16.2.1511

Camps, A. (1994). Projectes de llengua entre la teoria i la pràctica. *Articles de Didàctica de la Llengua i de la Literatura*, 2, pp.7-20.

Caro, M.T. (2014). La educación literaria de los clásicos y su proyección interdisciplinaria para el aprendizaje basado en competencias. *Educatio Siglo XXI*, 32(3), pp. 31-50.

- Casas, A. (2015). Sobre la inestabilidad funcional del discurso poético en el nuevo espacio público. En A. Cid e I. Lourido (eds.). *La poesía actual en el espacio público* (pp.83-110). Bruselas: Éditions Orbis Tertius.
- Cid, A. e Lourido, I. (eds.) (2015). *La poesía actual en el espacio público*. Bruselas: Éditions Orbis Tertius.
- Dewey, J. (2004). *Experiencia y Educación*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Durán, D. e Vidal, V. (2004). *Tutoría entre iguales: de la teoría a la práctica*. Barcelona: Graó.
- Fernández Rial, R. (2016). *Aulas sen paredes*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.
- Freire, P. (2009). *La educación como práctica de la libertad*. Madrid: Sigo XXI.
- Giraldo, F., Bateman, A. e García, J. (2009). *Urbanización para el desarrollo humano. Políticas para un mundo de ciudades*. Bogotá: ONU-HABITAT.
- Lomas, C. (1999). La educación poética. *Textos de Didáctica de la Lengua y de la Literatura*, 21, pp. 5-16.
- López Valero, A. (1998). Los conceptos curriculares en el Área de Lengua y Literatura. En A. Mendoza Fillola (coord.). *Conceptos clave en didáctica de la Lengua y la Literatura* (pp. 101-113). Barcelona: Universitat de Barcelona.
- Lourido, I. (2014). *Livros que non lê ninguém: poesía, movementos sociais e antagonismo político na Galiza*. Santiago de Compostela: Através Editora.
- Margallo González, A. M. (2012). La educación literaria en los proyectos de trabajo. *Revista Iberoamericana de Educación*, 59, pp.139-156.
- Martín Vegas, R. A. (2009). *Manual de Didáctica de la Lengua y la Literatura*. Madrid: Editorial Síntesis.
- Martínez Rodríguez, F. M. (2013). *Educación, neoliberalismo y justicia social: una revisión crítica del desarrollo humano desde la carta de la tierra y la economía social*. Madrid: Ediciones Pirámide.
- Mosquera Castro, E., Sobrino Freire, I., Suárez Brandariz, R., Muriano Rodríguez, M. M., e Carballal Miñán, P. (2017). "Reflexos/reflexión en verso": un proxecto de intervención artístico-

poética no campus. *Revista de Estudios e Investigación en Psicología y Educación*, 4, pp. 124-128.

DOI:<https://doi.org/10.17979/reipe.2017.0.04.2652>

Moure, T. (2011). *Ecolingüística: entre a ciencia e a ética*. A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña.

Riádigos Mosquera, C. (2015). *Justicia social y educación democrática. Un camino compartido*. Madrid: Editorial Arco.